

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións***BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CONECTADAS” PARA O ANO 2017***EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CONECTADAS” PARA O ANO 2017, APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 27 DE XANEIRO DE 2017**

BDNS(Identif.):331518

En conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións en: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Primeiro. Entidades beneficiarias

Este programa irá destinado a asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e empoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade entre mulleres e homes.

Quedarán excluídas desta convocatoria as entidades de persoas maiores, pensionistas ou xubiladas, entre outras (independentemente das súas vogalías), xa que existe un programa específico para este colectivo.

As accións formativas estarán abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, mais as mulleres terán preferencia. Reservarase só o 25 % do total das prazas para os homes, agás no bloque de contidos “Súmate ao cambio”, no que se cubrirán as prazas ao 50 % (no caso de existiren vacantes poderá ampliarse esta porcentaxe).

Segundo. Obxecto

O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública por parte da Deputación do programa “Conectadas”, que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para favorecer as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias,



contribuír a mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo e reducir a fenda dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de 27 de xaneiro de 2017; Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2017; Ordenanza xeral de subvencións (OXSDEPPO); Lei 38/2003, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, e demais lexislación aplicable.

Cuarto. Importe

A dotación do programa é de trescentos vinte e catro mil (324.000,00) euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Trinta (30) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sexto. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: cada entidade poderá presentar unha única solicitude no modelo normalizado e coa documentación establecida na base cuarta

- As accións formativas contempladas no programa ofertaranse a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable do desenvolvemento e da súa execución.

Pontevedra, a 3/02/2017.—A Presidenta, M.^a del Carmen Silva Rego.

